



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XULLO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES.-

LIC/557/2020. Conceder licenza para executar obras de cambio de uso de semisoto para garaxe privado na rúa do Sandino, 54.

LAP/367/2019. Conceder licenza para construción de nave destinada á venda de artigos para mascotas na rúa Castela e León, 7 –Parcela M1a02c do Polígono Industrial da Sionlla.

LIC/583/2020. Conceder licenza para obras de reforma interior e hidrofugado de fachadas da vivenda unifamiliar situada na rúa Canteira de Abaixo, 2.

LIC/1430/2018. Aceptar a cesión de viario e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e taller de artesanía na rúa Costa do Veedor, 14 D.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á reactualización do expediente de contratación do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago. Acórdase reaxustar as anualidades do contrato do seguinte xeito:

- Ano 2020: 202.590,22 euros
- Ano 2021: 810.360,87 euros
- Ano 2022: 810.360,87 euros
- Ano 2023: 607.770,65 euros.

A previsión era que entrase en vigor o 1 de agosto, porén, as circunstancias derivadas da crise sanitaria fan que esa previsión de entrada en vigor se atrase ata, previsiblemente, o 1 de outubro, o que fai necesario recalcular o importe asignado para este exercicio e para o exercicio de 2023.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á interposición de recurso especial de contratación no expediente do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela; e outros extremos. Dáse conta á Xunta de Goberno da interposición dese recursos especial de contratación, o 23/06/2020, contra o prego de prescricións técnicas do “Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago”.

Acórdase remitir ao TACGal os informes da xefatura de servizo de contratación e do servizo de mobilidade e solicitar que, a vista dos mesmos, o TACGal resolve **rexear** o recurso especial de contratación interposto contra o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación

e xestión do tráfico e túnel urbano do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela, CON/53/2019.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á adxudicación do contrato de “subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 (LOTE A: prendas de confección a medida. LOTE B: complementos. LOTE C: calzado. LOTE D. Prendas para auga). Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor das empresas SAGRES e PEYCAR PONTEVEDRA, por ser as súas as ofertas máis vantaxosas das presentadas.

- SAGRES SL. que oferta un importe de:
 - **41.260,9 euros** (IVE 21% engadido) polo que respecta ao **lote A.**
 - **1.510,32 euros** (IVE 21% engadido) polo que respecta ao **lote D.**
- PEYCAR PONTEVEDRA SL, que oferta un importe de:
 - **35.937 euros** (IVE 21% engadido) polo que respecta ao **lote B.**
 - **50.828,47 euros** (IVE 21% engadido) polo que respecta ao **lote C.**

9.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á desestimación do recurso de reposición presentado polo Ateneo de Santiago en materia de subvencións. Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado polo Ateneo de Santiago por non quedaren acreditados os pagos de gastos por un importe superior ao dos ingresos.

10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da liquidación definitiva do orzamento 2019 presentada pola fundación EUGENIO GRANELL. Apróbase a liquidación definitiva do orzamento correspondente ao exercicio 2019 presentado pola Fundación Eugenio Granell.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de "construción dunha senda peonil na rúa de San Martiño (1ª Fase). POS + 2019"- Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por un importe de 319.420 euros (IVE 21% engadido) ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao levantamento da suspensión do contrato de "prestación dos servizos para a actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións". Acórdase levantar a suspensión do contrato de prestación dos citados servizos, adxudicado á empresa EIBISA NORTE SL, a partir do 22 de xuño de 2020. Tendo en conta que a crise sanitaria aínda se mantén, procédese a requirir á empresa que remita ao Concello o protocolo de actuación con arreglo ao Plan de Continxencias COVID19 desenvolto polo seu departamento de riscos laborais, que conteña as medidas de seguridade e prevención requiridas.

13.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, Parques e Xardíns relativa ao sometemento a información pública no BOP da proposta de estrutura de custes do "servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II". Acórdase someter a proposta de estrutura de custes do Servizo de recollida de residuos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela (lote I e lote II), a información pública no BOP por un prazo de 20 días hábiles. Transcorrido este prazo

sen recibir alegacións ao respecto, remitirase á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prórroga de aluguer do local sociocultural de As Cancelas. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local, sito na Calzada das Cancelas, 19, baixo, en Santiago de Compostela, para uso sociocultural do barrio das Cancelas, polo prazo dun ano a contar desde o 16 de xullo de 2020 ata o 15 de xullo de 2021, por un alugueiro mensual de **679,81 euros**.

15.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos por prestación do servizo de subministración de consumibles de impresión para varios departamentos durante o mes de maio do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **1.317,93 euros** a favor de ADINFO.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de consumibles de impresión para varios departamentos durante o mes de abril do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **2.898,92 euros** a favor de ADINFO.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, correspondentes a tres facturas do mes de abril do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **13.610,75 euros** a favor de Mercartabria SLU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, correspondentes a facturas dos meses de maio e xuño, do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **31.936,99 euros** a favor de Vego Supermercados SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, correspondentes a varias facturas dos meses de maio e xuño, do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **31.936,99 euros** a favor de Vego Supermercados SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, correspondentes a dúas facturas mes de maio do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **15.552,75 euros** a favor de Alcampo SAU
- Gastos por prestación do servizo de alugueiro dos locais ocupados polos servizos de parques e xardíns e bombeiros na estación de autobuses, polo mes de maio do ano 2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **6.624,29 euros** a favor da Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano.
- Gastos dos diferentes servizos sen contrato en vigor e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **12.323,35 euros**, a favor das prestatarias incluídas en varias relación de facturas.

16.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais relativas á convalidación de actuacións para adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos para persoas en situación de vulnerabilidade social en concepto dos contratos de emerxencia motivados polo covid-19, así como dos menús administrados aos beneficiarios de bolsas de comedor escolar. Acórdase:

- Convalidar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas de bolsas de comedor na medida en que se corresponden na súa integridade na

declaración de urxencia por reunir os beneficiarios os requisitos que a motivaron, e recoñecer a obriga polo importe de **25.754,99 euros** facturados pola empresa Freire Chico SL, por corresponderse coa prestación efectuada.

- Validar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade na declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor dos terceiros, neste caso a favor de Centros Comerciales Carrefour, por importe de **196,47 euros**.
- Validar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade na declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor dos terceiros, neste caso a favor de El Corte Inglés, por importe de **2.894,63 euros**.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do protocolo marco de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación GALICIA OBRA SOCIAL, a favor de familias con persoas menores de idade ao seu cargo para atención das súas necesidades de alimentación. Apróbase o protocolo marco a través do que o Concello se compromete a colaborar no programa de axuda desenvolvido por Afundación:

- Facilitándolle o número de menús adecuados a subministrar diariamente, á vista das necesidades informadas polos Servizos Sociais Municipais.
- Pondo á súa disposición, gratuitamente, puntos de distribución física dos menús, que neste caso serán os Centros Socioculturais de Cornes e de Vite.
- Colaborando tamén coas empresas coas que Afundación contrae estas prestacións.

Pola súa banda Afundación:

- Proporcionará un número de ata 200 menús diarios, de xeito gratuíto, de luns a venres, para cubrir as necesidades de alimentación dun número igual de persoas menores de idade.

En principio a sinatura carece de efectos económicos para o Concello.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á corrección de erros no punto 3.C) da sesión de 1.7.20, de convalidación de gastos en concepto de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en vulnerabilidade social polo covid-19. Acórdase validar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade na declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor dos terceiros, neste caso a favor de Vego Supermercados SAU, por importe de **38.532,06 euros**.

19.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á situación do contrato de servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIPs dependentes do concello de Santiago, una vez declarada pola Xunta de Galicia a superación da fase III do plan para a desescalada , e a previsión de comezar o próximo

curso escolar o día 10.9.20. Acórdase o levantamento da suspensión do contrato, desde o 14 de xullo de 2020, para atender os labores inherentes aos procesos de preinscrición e matriculación, a xustificación do Convenio de Colaboración coa Xunta, así preorganizativos do próximo curso para garantir a normalidade no inicio do servizo, tendo en conta a situación excepcional provocada pola pandemia da COVID-19.

20.- Dar conta pola concelleira delegada de Educación da subvención da Deputación da Coruña para mantemento da escola municipal de Música de Santiago. Dáse conta da xustificación da subvención concedida por importe de 10.000 euros, cun orzamento mínimo a xustificar de 10.000 euros.

21.- Dar conta de corrección de erros na sesión de 15.6.20. Dáse conta.

22.- Dar conta pola alcaldía da sinatura da “Acta de cumprimento, ratificación e compromiso do acordo da Sionlla”. Dáse conta.

23.- Dar conta de sentenzas xudiciais. Dáse conta das seguintes sentenzas:

- 365/2020. Sentenza do TSX favorable ao concello, recorrible en casación, pola que se recupera a posesión dunha finca situada na entrada do Polígono do Tambre. Dita parcela ten instalada unha antena de telefonía móbil, polo que os ingresos de aluguer deben corresponder ao auténtico propietario (o Concello) e non ao demandante, que alegaba que o concello recoñecía a súa propiedade sobre a parcela.
- 362/2020. Orde cautelar de suspensión de usos gandeiros. A demandante afirmaba que a actividade gandeira que desenvolvida estaba amparada pola autorización da que dispuña e pola Lei do Solo de Galicia. O TSX desestima os argumentos. A sentenza é favorable para o concello e recorrible en casación.
- 045/2020. Responsabilidade patrimonial por caída na rúa. A demanda é desestimada porque o xulgado considera non acreditada a relación de causalidade entre o mal estado da rúa (arqueta) e a caída da demandante. A sentenza é favorable ao concello, recorrible en apelación.
- 249/2020. Legalización de obras nun local de hostalería para o seu uso público. O TSX desestima o recurso de apelación, ao entender que tratándose dun novo uso, con obras que afectaron á estrutura do local, debe aplicarse o requisito vixente, polo que denega a legalización das obras. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.
- 297/2020. Reclamación polas diferenzas entre o satisfeito por gastos de urbanización e o efectivamente gastado polo Concello. A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

24.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1. Diversas propostas relativas á convalidación de actuacións feitas con outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos para persoas vulnerables tramitadas polo procedemento de emerxencia por mor da COVID-19. Acórdase:

- Validar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade na declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor dos terceiros, neste caso a favor de Dia Retail España, por importe de **9.886,33 euros**; e de Cristina Caamaño Vilar por importe de **296,65 euros**.

2. **Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **2.488,58 euros** a favor de Centros Comerciales Carrefour, SA.
- Gastos por prestación do servizo de limpeza de edificios e dependencias municipais, no período do 19 de marzo ao 30 de maio e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **241.935,49 euros** a favor de ISS Facility Services SA.
- Gastos por prestación do servizo temporal e extraordinario de axuda no fogar para atención urxente pola COVID-19, e aprobación de indemnización substitutiva **23.454,97 euros** a favor de varios provedores.

3. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario 2020-CREXT-08 de importe 6.809,16 euros, financiado con baixas por anulación e recoñecemento de débedas.** Apróbase o expediente de modificación, con baixas por anulación na aplicación orzamentaria 060 33800 2269900 e habilitación de crédito extraordinario por 6.809,16 euros coa seguinte descrición “Servizo de desinfección e limpeza das dependencias da Cociña Económica e Praza de Abastos de Santiago”.

4. **Proposta de modificación orzamentaria para facer fronte ao gasto relativo á subministración e instalación de mamparas como material de protección do persoal empregado público entre sí e tamén coas persoas usuarias do concello de Santiago de Compostela.** Apróbase a modificación orzamentaria por importe de 50.000 euros, provenientes de distintas partidas.